

ACTIVIDADES da BIBLIOTECA

“I have a dream”. Obradoiro e exposición sobre M. Luther King no 50º aniversario do seu asasinato. Departamento de Inglés. (4 de Abril).

Teatro en Inglés “A summer night’s dream” de W. Shakespeare. Departamento de Inglés. Santiago de Compostela (10 de Abril).

Charla sobre Linguaxe Publicitaria (20 de Abril) do Plan Proxecta. Departamentos de Inglés e Debuxo.

Día do Libro (23 de Abril) dedicado a Jules Verne e as súas viaxes marabillosas:

Obradoiro sobre “A volta ao mundo en 80 días” de Geronimo Stilton (3º E. Primaria).

Obradoiro sobre “A Invención de Hugo Cabret” de Brian Selznick (D. de Debuxo).

Visionado de “Viaxe á Lúa” de G. Méliès (E.S.O.).

Exposición das obras de Jules Verne da Biblioteca xunto coa decoración realizada polas profesoras América e Lorena (3º E.P.) e os alumnos de Gravado (2º ESO).

Obradoiro de Linoleografía sobre “Cinco semanas en globo” (1º ESO, G.R.E.S.).

Encontros con escritores. Departamento de Galego:

Héctor CAJARAVILLE -6 de Abril-. Para falar dos libros Quen dá a quenda? e A caixaña dos rancos. (ESO)

María CANOSA -24 de Abril-. Sobre Rubicundo (5º EP) e Muriel (6º EP e 1º ESO).

Teatro en Galego: Mª Victoria Moreno. Departamento de Galego (23 de Abril).

“I FERIA del Libro Usado del CPI Domingo Fontán”. Organizada pola profesora Pilar do Departamento de Lingua Castelá. (24 de Abril).

Exposición sobre os monumentos do mundo realizados a boli Bic. (D. Debuxo).

Exposición sobre a Bretaña Francesa, en colaboración co Departamento de Francés.

Charla sobre Domingo Fontán e o labor editorial, a cargo da ex-alumna Lúa López Pomar, autora de “Domingo Fontán: Carta Geométrica de Galicia 1817-2017”. Teófilo Ed.

Obradoiro e exposición sobre “Robinson Crusoe” de D. Defoe. Departamento de Inglés.

Obradoiro e exposición “O mapa de Domingo Fontán” coas obras relaizadas polos alumnos de E. Infantil dirixidos polas profesoras Yolanda e Flora.

Ademais todos os mércores seguimos co programa “Prensa na Escola” organizado pola profesora María do D. de Galego para traballar coa Voz de Galicia nas aulas de E.S.O.



BOLETÍN nº4

<http://bibliocpidomingofontan.blogspot.com.es/>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/cpidomingofontanportas/>

ABRIL: Mes dedicado a Jules Verne na Biblioteca Escolar



Jules Gabriel Verne, (Nantes, 8/2/1828-Amiens, 24/3/1905) foi un escritor, poeta e dramaturgo francés.

É famoso polas súas novelas de aventuras e a súa enorme contribución ao xénero da Ciencia Ficción, do que se considera o seu creador, xunto con H.G. Wells.

A súa colaboración co editor Pierre-Jules Hetzel fructificou na creación de “Viaxes extraordinarias”, unha popular serie de aventuras visionarias entre as que incluíu as famosísimas:

“Cinco semanas en globo”, “Viaxe ao centro da Terra”, “Da Terra á Lúa”, “Vinte mil leguas de viaxe submarina”, “Ao redor do mundo en oitenta días” e “A illa misteriosa”.

En todas elas mestura con habilidade unha intriga chea de aventuras e sobresaltos con precisas descripcións técnicas, xeográficas e históricas.

Obras relacionadas con J. Verne na nosa Biblioteca

“As viaxes fantásticas de Jules Verne”, do ilustrador Éric Puybaret.

A través de cinco maravillosas historias, descubriredes a increíble imaxinación deste mestre da aventura: dirixirse á Lúa nun foguete, descender ao máis profundo da Terra, capitanear dun modo arrebatado o Nautilus ou carreiras a fume de carozo en plena sabana...

“Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta”, de Leticia Costas.

En maio de 1.884 Verne chegou a Vigo no seu imponente iate. O afamado novelista levaba moito tempo atrás da pista das misteriosas mulleres planta. É unha homenaxe ás novelas de aventuras, unha viaxe no tempo cargada de maxia onde todo é posible.

“Geronimo Stilton. Grandes Historias: la vuelta al mundo en 80 días”, de Elisabetta Dami.

Este clásico de Jules Verne libremente adaptado por Geronimo Stilton.

“Da Terra á Lúa”, de Jules Verne.

Unha novela científica e satírica publicada periodicamente no “Journal des débats politiques et littéraires” en 1.865 que foi o primeiro intento por describir con minuciosidade científica os problemas que hai que resolver para lograr enviar un obxecto á Lúa.

“Vinte mil leguas de viaxe submarina”, de Jules Verne.

Déuse a coñecer na “Magasin d’Éducation et de Récréation” entre 1.869 e 1.870. Conta a historia en primeira persona do profesor francés Pierre Aronnax, notable biólogo que é capturado polo Capitán Nemo e conducido polos océanos a bordo do submarino Nautilus.

“Ao redor do mundo en oitenta días”, de Jules Verne.

Todo comezou con unha aposta: Phileas Fogg e o seu leal Passepartout aceptan o desafío e se preparan para a empresa máis extraordinaria de todos os tempos: a volta ao mundo en 80 días!.

“Cinco semanas en globo”, de Jules Verne.

Publicouse en 1.863 e narra as aventuras do doctor Samuel Fergusson, sabio e explorador inglés que decide atravesar o continente africano, moi descoñecido para os europeos da época, empregando un globo cheo de Hidróxeno inventado por el.

“Viaxe ao centro da Terra”, de Jules Verne.

Publicada en 1.864, trata da expedición dun profesor de mineraloxía, seu sobriño e un guía ao interior da Terra.